

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **22 de novembro de 2013**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Paz Abreira
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do PP; don Antonio Ameijide
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas.
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 15 de novembro de 2013.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Banda municipal de música

- Para comida no día de Santa Icíá, patroa dos músicos, por importe de 1.210 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do BNG, que considera que dita celebración debería estar aberta á sociedade, vinculada á escola municipal de música e non consistir solo nunha cea dirixida unicamente a determinados funcionarios.

- Para a adquisición dunha trompa dobre consolat de mar, por importe de 1.800,01 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Muller

- Para diferentes gastos no día internacional contra a violencia de xénero, por importe de 5.707,66 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Cultura

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 22-11-13.doc

Asunto:

- Para a realización dunha campaña publicitaria na Radio Galega no XII aniversario da declaración da Muralla Patrimonio da Humanidade, por importe de 400 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Infraestructuras e medio rural

- Para a adquisición dunha podadora a utilizar nas pistas municipais, por importe de 820 euros.
- Para a adquisición de 1.500 toneladas de material reciclado, por importe de 10.890 euros.

Estas dúas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Deportes

- Para a celebración do XIV circuito de carreiras populares corre con nós 2013-14, o día 24 de novembro de 2013, por importe de 394,31 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Obradoiro de emprego “URBS LUCUS”

- Para a adquisición de material de oficina e manuais didácticos, por importe de 1.493,81 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Infraestructuras

- Para a subministración de dúas xuntas de vacío, por importe de 447,70 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

3.- Facturas para ditame

Fóra da orde do día, ditamináronse favorablemente:

- De Oficina de plan Urban

- Para a redación e dirección de proxecto de obra civil para por en valor restos arqueolóxicos atopados no antigo cárcere, por importe de 6.352,26 euros.
- Para a redación e coordinación da execución dos traballos arqueolóxicos do proxecto de posta en valor de restos arqueolóxicos atopados no antigo cárcere, por importe de 5.408,70 euros.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:24 horas no lugar sinalado no encabezamento.